

## MESA SECTORIAL

08/05/2024

### 1º PUNTO DA ORDE DO DÍA: APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 12 DE MARZO.

Apróbese a acta da referida sesión unha vez feitas as alegacións pertinentes por parte das Organizacións Sindicais.

### 2º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PRAZAS DE ATENCIÓN PREFERENTE.

Desde ANPE Galicia o primeiro que queremos facer é constatar que temos un problema grave xa que cada vez hai máis prazas porque o ensino concertado cada vez quere menos alumnado deste tipo e os derivan aos centros públicos.

É necesario abordar estas necesidades en aumento con seriedade para dotar aos centros educativos públicos dos especialistas que precisan e segundo uns criterios claros, únicos e iguais para todos os centros que teñan as mesmas necesidades.



Faremos chegar á Administración unha listaxe coas demandas de prazas de atención preferente que nos fan chegar desde os centros educativos, en moitos casos co visto e prace da inspección educativa. Demandamos que se nos dea unha resposta por parte da Administración sobre elas. Tamén manifestamos algún cambio de perfil nalgún das prazas.

Entrando na orde:

Na base 2ª nos CPI non se especifica se a praza é de primaria ou de secundaria.

Na base 3ª poderíamos incluír ao profesorado interino (despois dos funcionarios de carreira e dos funcionarios en prácticas). **A Administración non acepta esta proposta.**

Na base 5ª demandamos que non se limite a 10 o número de peticións. **A Administración considera que 10 peticións son suficientes.**

Na base 12ª demandamos que o prazo de renuncia ou reclamación se aumente a 5 días hábiles. **A Administración acepta este aumento.**

Na base 14ª demandamos que o prazo de solicitude de prórroga se amplíe a 10 días desde a publicación do último concurso xeral de traslados. **A Administración considera que non pode aceptar este aumento xa que podería haber anos nos que a esta altura do curso non habería aínda resolución do concurso e estaría esta convocatoria sen poder ter lugar.**

En relación ao baremo solicitamos igualdade de puntuación máxima de 4 puntos para formación recibida e para formación recibida. Vemos desproporción entre a puntuación de máster e a puntuación dun grao. **A Administración comprométese a principios do curso que ven a elaborar un baremo común a todos os concursos (aínda que cada unha delas poida ter un apartado específico en función das súas particularidades).**

### 3º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PRAZAS SOMETIDAS A CONVENIO OU PROGRAMAS ESPECÍFICOS.

**A Administración informa de que falta o código de procedemento porque están a espera de que se lles proporcione. Así mesmo tamén informa dun cambio no prazo de presentación de solicitudes (que pasará a 10 días) e de renuncias (que pasará a 5 días). Informa tamén dunha errata na praza 8 onde o requisito debe ser PT e AL.**

## MESA SECTORIAL

08/05/2024

ANPE considera que leva moitos anos dicindo que se facilita profesorado a outras administracións e colectivos a cambio de absolutamente nada. É imprescindible chegar a acordos recíprocos. Aproveitamos para demandar o tema da Enfermería Escolar e a Saúde Mental nos centros educativos. Deben eliminarse os convenios con entidades privadas salvo casos moi excepcionais.



Aplaudimos a eliminación da entrevista. Consideramos que o proxecto non debe ser eliminatorio.

Demandamos que se poidan facer renuncias parciais a prazas determinadas e non a todas as que solicita.


No baremo deben computarse as fraccións de mes dentro da antigüidade. **A Administración incluírá as fraccións de mes.**

### **4º PUNTO DA ORDE DO DÍA: LICENZAS DE FORMACIÓN.**

ANPE Galicia considera que debería comezarse por cambiar o nome das licenzas xa que, tal e como se propoñen, non son licenzas de formación senón para a elaboración de materiais curriculares.

Deben restituirse as licenzas non retribuídas (tal e como se recolle no Acordo de melloras) e tamén restituir as licenzas por formación retribuídas tal e como existían hai anos xa que servirían ademais para dar unha solución á problemática de titulación de profesorado

técnico de F.P e Mestres de Artes Plásticas e Deseño.



ANPE Galicia considera que a duración das licenzas debería ser de como mínimo 3 meses. Consideramos tamén que non debería limitarse a participación nos grupos do profesorado interino ao 50% (no caso de profesorado con nomeamento para todo o curso académico).

Deben incluírse licenzas para o perfeccionamento de linguas estranxeiras no exterior.

En relación á Competencia Dixital Docente, desde ANPE Galicia consideramos que está aínda en estado embrionario polo que solicitar estar en posesión da acreditación da mesma nalguna modalidade non debería facerse nesta convocatoria senón en convocatorias futuras.



En relación á comisión de selección consideramos que debería ser o máis técnica posible e os membros da mesma debería contar con experiencia nas distintas modalidades.

Desde ANPE Galicia non entendemos o motivo polo que se priorizan ou se inclúen en determinadas modalidades (modalidade 2.b)



## MESA SECTORIAL

08/05/2024

certos idiomas pero se exclúen outros como pode ser o portugués ou o ruso. Ou se inclúen todos ou non deberían ofertarse. **A Administración estudará este punto.**

Agradecer que se manteña a petición acadada por ANPE Galicia na convocatoria do curso pasado de que as licenzas por formación soamente sexan incompatibles con outra actividade durante a duración da mesma e non durante todo o curso académico como aparecía anteriormente.

Solicitamos que se retire o requisito de contar co Curso de Elaboración de Recursos Dixitais que se esixe nalgunha modalidade xa que, cando se ofertou dito curso non se informou de que sería requisito para solicitar ditas licenzas. **A Administración retirará dito requisito.**

En relación ao baremo consideramos que debería haber unha unificación de baremos en todas as convocatorias. Debería valorarse máis a impartición de cursos que a realización. A valoración do proxecto debería ser de APTO ou NON APTO.

Demandamos tamén que se cree un procedemento específico na sede electrónica para esta convocatoria.

Por último, demandamos a retirada da disposición adicional primeira.

### **5º PUNTO DA ORDE DO DÍA: PRAZAS DE ASESORES EN SERVIZOS CENTRAIS .**

En primeiro lugar desde ANPE Galicia solicitamos que se dea unha pronta resolución desta convocatoria para poder incorporar as vacantes do profesorado que se incorpore a unha asesoría ao CADP. Debe fomentarse ao máximo posible a participación do profesorado para evitar que queden asesorías desertas e se teñan que cubrir "a dedo". Neste sentido pediremos que os requisitos de participación non sexan tan restrictivos.



Demandamos tamén que se estableza un procedemento específico de participación na sede electrónica.

Por outra banda, solicitamos que se comunique o antes posible a aquelas persoas que non van a continuar ocupando unha asesoría para que non teñan que enterarse de que non van a seguir polo borrador da orde ao saír a súa vacante.

En relación ao texto da Orde:

No artigo 2, somos conscientes de que nesta convocatoria en concreto onde hai prazas que se van a ocupar durante 3 anos é complicado incorporar ao profesorado interino pero, como norma xeral, desde ANPE solicitamos que en toda a normativa (e tal e como establece a normativa europea) se fale de profesorado funcionario e non funcionario de carreira.

No artigo 4 solicitamos que se amplíe a posibilidade de petición de prazas de 2 a 4 para non ser tan restrictivo.

No artigo 6 demandamos que se amplíe o prazo a 20 días hábiles.

No Anexo I solicitamos unha revisión con calma das prazas. Desde ANPE Galicia consideramos que na ampla maioría dos postos ofertados na Dirección Xeral podería incluírse ao profesorado das EOI (corpo 592). Botamos tamén en falta unha asesoría concreta sobre saúde mental.

En relación ao baremo: botamos en falta dentro de méritos académicos a suficiencia investigadora e o Diploma de Estudos

## MESA SECTORIAL

08/05/2024

Avanzados. Demandamos que se modifique a puntuación por cursos impartidos e que pase de 0,3 puntos por cada 10 horas a 0,10 cada 3 horas (xa que deste xeito podería puntuarse a impartición de cursos de menos de 10 horas). **A Administración modificará este punto do baremo.** Consideramos que deberían retirarse os 4 puntos que aparecen no baremo por Xestión educativa.

### 6º PUNTO DA ORDE DO DÍA: ROGOS E PREGUNTAS.

- Solicitamos información sobre a situación do CRA de Dodro e demandamos o mantemento do mesmo e de todas as súas unidades. **A Administración resposta que hai que analizar ben a situación porque a previsión é que unha das unidades do CRA terá menos de 5 unidades o curso que ven. Non queren dicir con isto que se vaia a pechar. En calquera caso terán información en breve.**
- Demandamos, xunto co resto de organizacións asinantes dos mesmos, a reunión da Comisión de seguimento do Acordo de interinos e do Acordo de melloras.
- Solicitamos a apertura de lista de substitucións de AL e outras especialidades que están a piques de esgotarse.
- Solicitamos información sobre a restitución das axudas por asistencia a actividades de formación. **A Administración informa de que vai a sair este curso.**
- Denunciar a retirada de vacantes que se colgan desde os centros educativos para a cobertura de substitucións. Feito que se reitera curso tras curso a estas alturas do ano.
- Na provincia de Pontevedra están saíndo vacantes de AL bilingües. Esta situación está a darse soamente nesa provincia polo que demandamos información.
- Demandamos que se fale con Función Pública para facilitar a compatibilidade do profesorado para a realización doutro tipo de actividade xa que incluso se está a denegar a compatibilidade nalgún dos 10 supostos que permite a Lei.
- Solicitamos a presenza da Directora Xeral de Formación Profesional na Mesa Sectorial para que nos informe sobre a nova normativa e o seu desenvolvemento e como está a situación da cotización á Seguridade Social do alumnado de FCT, entre outros temas.
- Demandamos que se empece a tratar a situación na que quedará o profesorado do corpo de Mestres de Artes Plásticas tras a aprobación da Lei de Ensinanzas Artísticas.
- Demandamos axilidade na cobertura de substitucións do persoal coidador.
- Denunciar que as avaliacións de diagnóstico realizadas recentemente non se adecuaban aos contidos dos cursos nos que se realizaron.
- Solicitar información sobre a reunión mantida onte sobre o Real Decreto de modificación do Concurso de Traslados. **A Administración informa de que se vai a incluír a CDD e que se van a empezar a constituír grupos de traballo técnicos para abordar unha reforma profunda. A idea do Ministerio é publicar a finais de xuño no BOE**

